



AS ÁREAS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL NO PROGRAMA DE MOCIDADE DE SCOUTS MSC

Área de desenvolvemento físico:

Desenvolvemento dos aspectos da persoa relacionados co funcionamento e desenvolvemento do corpo

Área de desenvolvemento intelectual:

Desenvolvemento dos aspectos da persoa relacionados coa capacidade de percibir, pensar, innovar e usar a información de forma orixinal para adaptarse a novas situacións.

Área de desenvolvemento emocional:

Desenvolvemento dos aspectos da persoa relacionados cos seus sentimentos, a expresión dos mesmos, o seu equilibrio e o seu control.

Área de desenvolvemento social:

Desenvolvemento dos aspectos da persoa relacionados coa interdependencia cos demais e as capacidades de cooperación, liderado e servizo.

Área de desenvolvemento espiritual:

Desenvolvemento dos aspectos da persoa relacionados co coñecemento e comprensión da herdanza espiritual da comunidade e o desenvolvemento da relación con Deus que dá sentido a todo, e a súa repercusión sobre a propia vida, desde o respecto ás demais opcións

Área de desenvolvemento da personalidade:

Desenvolvemento dos aspectos da persoa relacionados coa responsabilidade cun mesmo e o dereito a se desenvolver, a capacidade de aprendizaxe e a busca da felicidade, a afirmación persoal, a capacidade da toma de decisións, a definición de obxectivos persoais e o compromiso.